

CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIAS POLO PARKINSON

REGULAMENTO

1/ A asociación Parkinson Galicia Coruña organiza, en colaboración co Concello de Culleredo e coa asociación Castelo Deporte, unha carreira prevista para o domingo 22 de outubro de 2017.

2/ DENOMINACIÓN

A proba recibe a seguinte denominación: "Carreira e andaina solidaria polo parkinson".

3/ DATA E LUGAR

A proba celebrarase o domingo 22 de outubro no Paseo Marítimo da Ría do Burgo, no termo municipal de Culleredo, con saída e meta nas instalacións situadas ao pé da ría, na zona das pistas polideportivas.

4 / CATEGORÍAS

Establécense unha categoría única para a carreira, que se desenvolverá de xeito paralelo a unha andaina popular nun circuíto anexo.

5 / HORARIOS

A Carreira e andaina solidaria polo parkinson consta de dúas distancias para cada unha das probas:

Andaina	2 km.	10.30 horas
Carreira	9 km.	10.30 horas

6 / INSCRICIÓN

Permanecerán abertas ata o martes 17 de outubro ás 23.59 horas na web www.emesports.es; os prezo da mesma será de 5 euros, agás para os nenos menores de 8 anos, que poderán participar de balde.

7 / PREMIOS

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina.

8 / DORSAIS E CRONOMETRAXE

A proba estará cronometrada pola empresa Emesports. Os chips de cronometraxe entregaranse aos participantes xunto co dorsal, e se poderán recoller entre o xoves 19 de outubro ás 16.00 horas e ata o sábado 21 de outubro ás 14.00 horas en Decathlon Oleiros, ou ben na zona de saída e meta entre as 9.00 e as 10.00 horas.

9 / AVITUALLAMENTOS

Para a carreira, situarase un punto de avituallamento intermedio (xusto debaixo da Ponte da Pasaxe, no cambio de sentido do circuíto), e na zona de saída e meta. Polos dous puntos os participantes pasarán en dúas ocasións. No caso da andaina haberá un avituallamento na meta.

10 / CAMISETAS

Cada participante terá acceso, coa inscrición, a unha camiseta conmemorativa.

11/ SERVICIOS

Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba.